



## CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)


Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)



## DEBUXANDO UNHA VIÑETA

### BASES XERAIS:

- ☞ O Concurso ten por obxecto o debuxo dunha viñeta ou tira cómica sobre o tema de natación. Poñémosvos un exemplo polo que vos podedes guiar:



- ☞ Poderán participar no concurso todos os nadadores e nadadoras do Club Natación Ferrol – Elinco.
- ☞ Cada nadador/a poderá presentar tanto traballos como queiran ao concurso.
- ☞ Quedarán automaticamente anulados debuxos ou expresión que reflectan unha actitude discriminatoria, ofensiva ou que poidan ferir os dereitos das persoas.
- ☞ Valorarase a orixinalidade dos traballos.
- ☞ Os traballos deberán ser enviados por correo electrónico a [pistacatro@natacionferrol.com](mailto:pistacatro@natacionferrol.com) ou ser entregados a Aitor Bouza antes do luns día 6 de abril ás 20:00. Os traballos entregados fóra de dito prazo non serán admitidos.
- ☞ Os traballos deberán presentarse preferentemente en formato dixital cun pseudónimo de nome do arquivo (.doc, .odt ou .pdf) acompañados dun documento no que se poñan os datos do participante (nome e apelidos, pseudónimo, DNI e data de nacemento). No caso de ser presentados en papel, deberán presentarse dentro dun sobre pechado cos datos d@ nadador ou nadadora (no interior), que se citan a continuación: nome e apelidos, DNI, data de nacemento e número de traballos presentados.
- ☞ O Xurado estará composto por: un membro da Comisión da Equipación, un membro da Xunta Directiva, dous membros da Comisión do Boletín e un membro do equipo técnico.
- ☞ O xurado fará público o seu ditame o día 13 de abril do 2009 no local do Club ás 17:00.
- ☞ En caso de que haxa algunha ambigüidade nas bases do presente concurso será a Comisión do Boletín a que lle dea solución.

### PREMIOS:

#### **Haberá un único premio: un mp3 acuático.**

- O premio poderá declararse deserto se os traballos presentados non responden ao solicitado, a xuízo, todo isto do Xurado.
- Os traballos gañadores serán publicados na revista e na páxina web.
- Os traballos presentados que non haxan obtido o premio, deberán ser devoltos, se así se demandase polo autor. Así mesmo, serán expostos no taboleiro da piscina e na páxina web.
- Os traballos gañadores pasarán a ser da propiedade do Club Natación Ferrol - Elinco, séndolle cedido automaticamente, obtendo así todos os dereitos derivados do uso e explotación do traballo.

Caranza-Ferrol, a 7 de febreiro de 2009

A COMISIÓN DO BOLETÍN